# O ALFABETO

O alfabeto galego componse das seguintes letras que teñen xénero masculino (o pe, o efe, o e, etc)

| grafía | nome | pronuncia |
|---|---|---|
| **a** | a | [a] |
| **b** | be | [b] |
| **c** | ce | [Θ] ou [s] e [k] |
| **d** | de | [de] |
| **e** | e | [e], [ɛ] |
| **f** | efe | [f] |
| **g** | gue | [g] ou [h] |
| **h** | hache | [Ø] (cero) |
| **i** | i | [i] |
| **l** | ele | [l] |
| **m** | eme | [m] |
| **n** | ene | [n] |
| **ñ** | eñe | [ɲ] |
| **o** | o | [o], [ɔ] |
| **p** | pe | [p] |
| **q** | que | [k] |
| **r** | erre | [ɾ], [r] |
| **s** | ese | [s] |
| **t** | te | [t] |
| **u** | u | [u] |
| **v** | uve | [b] |
| **x** | xe | [ʃ], [ks] |
| **z** | ceta | [Θ] ou [s] |

Tamén se empregan os seguintes dígrafos:

| grafía | nome | pronuncia |
|---|---|---|
| **ch** | ce hache | [tʃ] |
| **gu** | gue u | [g] ou [h] |
| **ll** | ele dobre | [ λ] |
| **nh** | ene hache | [ ŋ] |
| **qu** | que u | [k] |
| **rr** | erre dobre | [r] |

As seguintes letras só se utilizan nos préstamos:

| grafía | nome |
|---|---|
| **j** | iota |
| **k** | ca |
| **ç** | cedilla |
| **w** | uve dobre |
| **y** | y grego |

## ACENTUACIÓN

**Agudas**: acentúanse graficamente cando rematan en vogal, en –n, en –s ou en –ns: *mazá, latín, cafés, camións*. OBS: non se acentúan as palabras monosilábicas nin as rematadas en ditongo decrecente (*fe, colleu, papeis*)

**Graves**: levan acento cando rematan en consoante distinta de –n ou –s, ou no grupo culto –ps: *automóbil, carácter, tórax, bíceps*.

**Esdrúxulas**: sempre levan acento: *simpático, autónomo, vocálico*.

- **O ACENTO DIACRÍTICO**: utilízase para diferenciar dúas palabras que se escriben igual. Estes son os máis habituais:

| | |
|---|---|
| **á** (prep. a + art. a, substantivo ) | **a** (artigo, pronome, preposición) |
| **ás** (prep. a + art. a, substantivo) | **as** (artigo , pronome) |
| **bóla** (esfera) | **bola** (peza de pan) |
| **cá/s** (comp.ca + art.a/as) | **ca** (conxunción) |
| **chá/s** (plana/s) | **cha** (che + a) |
| **có/s** (comp.ca +art. o/os) | **co/s** (prep.con + art.o/os) |
| **cómpre/n** (é /son mester) | **compren** (merque/n) |
| **dá** (pres. e imper. verbo dar) | **da** (prep.de + art. a) |
| **dás** (pres. verbo dar) | **das** (prep.de + art. as) |
| **dó** (compaixón) | **do** (prep. de + art. o) |
| **é** (pres.verbo ser) | **e** (conxunción) |
| **fóra** (adverbio) | **fora** (plusc. verbos ser e ir) |
| **máis** (adverbio) | **mais** (conxunción) |
| **nó** (substantivo) | **no** (prep.en + art. o) |
| **nós** (pronome tónico, substantivo) | **nos** (pronome átono, prep en + art. os) |
| **ó** (prep. a + art. o) | **o** (artigo, pronome) |
| **ós** (prep. a + art. os) | **os** (artigo, pronome) |
| **óso** (do corpo) | **oso** (animal) |
| **pé** (parte do corpo) | **pe** (letra) |
| **póla** (rama) | **pola** (galiña, prep. por + art. a) |
| **pór** (poñer) | **por** (preposición) |
| **présa** (apuro) | **presa** (prendida, presada) |
| **sé** (imper. verbo ser, sede eclesiástica) | **se** (conxunción, pronome) |
| **só** (adxectivo e adverbio) | **so** (prep. *debaixo de*) |
| **té** (infusión) | **te** (letra, pronome) |
| **vén** (pres. de vir) | **ven** (pres. de ver, imper. de vir) |
| **vés** (pres. de vir) | **ves** (pres. de ver) |
| **vós** (pronome tónico) | **vos** (pronome átono) |

- **A acentuación de i, u en hiato**: acentúanse cando van xusto antes ou despois dunha vogal átona, para indicar que non forman ditongo: *baúl, muíño, rúa, constituír, Luís*. OBS: non levan acento se vai un h intercalado (*eu prohibo*)
- Cando as formas verbais levan **pronomes enclíticos** ou a **segunda forma do artigo**, trátanse coma se fosen unha soa palabra: *fixéronllo, rematáche-las obras, cólleo*
- Os **estranxeirismos** seguen as regras xerais de acentuación: *iglú, accésit*..Cando rematan en –y reciben o mesmo tratamento cás palabras rematadas en –i (*whisky, hóckey*). Tamén poden manter a grafía da lingua da que proceden.
- Non se acentúan nunca os adverbios rematados en **–mente** por ser graves e rematar en vogal: *facilmente, rapidamente…*
- Os **interrogativos** e os **exclamativos** só levan acento gráfico cando introducen interrogativas ou exclamativas indirectas nas que sexa preciso para a correcta comprensión: *dille qué queres/dille que queres*
- As palabras que levan acento diacrítico mantéñeno sempre: *dá-dálle as grazas, é-éche complicado*

**A DIÉRESE**

Emprégase coa letra *u* para indicar que se pronuncia esta vogal nas sílabas güe, güi (*bilingüe, lingüística*, *pingüín*)

Úsase tamén coa letra i na primeira e segunda persoa de plural dos copretéritos de indicativo dos verbos rematados en *–aer* (*caer, decaer, recaer, traer, atraer, contraer, distraer, extraer*), *–oer* (*roer, corroer, doer, moer, remoer*), –aír (*saír, sobresaír*) e *–oí*r (*oír*): *caïamos, caïades, doïamos, doïades, traïamos, traïades*, etc. A razón é que o i forma sílaba en por si aínda que é átono. Así distinguimos estas formas das do presente de subxuntivo, nas que o i forma ditongo: *caiamos*, *caiades*. En consecuencia, tamén levan diérese os copretéritos de indicativo dos verbos en *–uír*, aínda que nestes non haxa posibilidade de homonimia co presente de subxuntivo: *constituïamos, constituïades*

**SIGNOS DE INTERROGACIÓN E EXCLAMACIÓN**

A entoación interrogativa ou exclamativa márcase ao final do enunciado por medio dos signos ? /!: *Por que o fixeches?, Érache boa!.* Para facilitar a lectura poderase indicar o inicio destas entoacións cos signos ¿ / ¡, respectivamente.

## XÉNERO DOS SUBSTANTIVOS

| Son de xénero masculino | Son de xénero feminino |
|---|---|
| - Os nomes das **letras**: o *a*, o *eñe*, o *pe*.<br>- Os substantivos rematados en **-ume:** *o lume, o legume, o costume…*agás *a servidume, a mansedume, a acedume.*<br>- Os substantivos rematados en **–or**: *o rubor, o pudor... agás a cor/color, a dor/dolor, a suor, a calor*<br>- Os **substantivos**: *o bechamel, o cal, o cárcere, o couce, o cume, o cuspe, o diadema, o dote, o fel, o labor, o leite, o mar, o mel, o nariz, o riso, o sorriso, o sangue, o sal, o sinal, o ubre, o xiz….* | - As palabras rematadas en **–axe:** *a friaxe, a viaxe, a equipaxe…* agás *garaxe, paxe e traxe. Personaxe* pode presentar os dous xéneros.<br>- En xeral, os substantivos que designan **árbores froiteiras**: *a maceira, a nogueira, a pereira….* Pero o *limoeiro, o marmeleiro…* (o xénero da árbore froiteira é, xeralmente, sempre o mesmo ca o da froita que dá, pero hai excepcións: *a castaña – o castiñeiro, o figo – a figueira*)<br>- As palabras cultas de orixe grega rematadas en **–se**, **–te** e **–ite**: *a crise, a paréntese, a análise, a diabete, a hepatite.*<br>- Os **substantivos**: *a ábsida, a auga, a árbore, a arte, a canle, a calor, a color /a cor, a dolor / a dor, a fraude, a fronte, a marxe, a orde, a orixe, a ponte, a pantasma, a reuma, a sebe, a síndrome, a sentinela, a suor…* |

## FORMACIÓN DO FEMININO (SUBSTANTIVOS E ADXECTIVOS)

<table>
<tr><th colspan="3">Masculino</th><th colspan="2">Feminino</th><th>Observacións</th></tr>
<tr><td colspan="3">Vogal átona: sobriño, presidente</td><td colspan="2">-a: sobriña, presidenta</td><td></td></tr>
<tr><td colspan="3">Vogal tónica: avó</td><td rowspan="2">+ -a:</td><td>avoa</td><td>Os adxectivos tenden a ser invariables (somalí).<br>Tamén algúns substantivos (chimpancé).</td></tr>
<tr><td colspan="3">Consoante distinta de -n: deus, rapaz</td><td>deusa, rapaza</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="8">-n</td><td rowspan="2">-án:</td><td>irmán, capitán,</td><td colspan="2">-á: irmá, capitá</td><td rowspan="7">O único nome que acaba en -én é refén, pero é invariable</td></tr>
<tr><td>folgazán</td><td colspan="2">- ana nos pexorativos: folgazana</td></tr>
<tr><td rowspan="2">-ón:</td><td>león</td><td colspan="2">-oa: leoa</td></tr>
<tr><td>grandón, lambón</td><td colspan="2">-ona nos aumentativos e pexorativos: grandona, lambona</td></tr>
<tr><td colspan="2">-ín: bailarín</td><td colspan="2">-ina: bailarina, agás ruín,que é invariable</td></tr>
<tr><td colspan="2">-ún: vacún<br>común<br>euscaldún</td><td colspan="2">vacúa<br>común (invariable)<br>euscalduna</td></tr>
<tr><td colspan="3">-és: chinés, burgués</td><td colspan="2">-esa: chinesa, burguesa</td><td>Algúns adxectivos manténense invariables (cortés)</td></tr>
</table>

**Casos especiais:**

**Invariables:** *o cónxuxe*; algúns nomes de animais: *a formiga*, *o paspallás* (macho-femia).

**Cambio de artigo:** *o/a mártir, o/a axente*

**Irregulares:** *heroe/heroína; galo/galiña; rei/raíña; abade/abadesa; barón/baronesa; príncipe/princesa; sacerdote/sacerdotisa; poeta/poetisa; cabalo/egua; emperador/emperatriz; actor/actriz; grou/grúa; xudeu/xudía...*

## FORMACIÓN DO PLURAL (SUBSTANTIVOS E ADXECTIVOS)

<table>
<tr><th colspan="2">Singular</th><th colspan="2">Plural</th><th>Observacións</th></tr>
<tr><td colspan="2">**vogal ou ditongo**: *mesa, lei*</td><td rowspan="2">-s:</td><td>*mesas, leis*</td><td>Os estranxeirismos, ben engaden **-s** *(hippy-hippys),* ben respectan a forma da lingua de orixe *(hippies)*</td></tr>
<tr><td colspan="2">**-n**: *can, lacazán*</td><td>*cans, lacazáns*</td><td></td></tr>
<tr><td colspan="2">**-r** ou **-z**: *mar, luz*</td><td colspan="2">**-es**: *mares, luces*</td><td>Os estranxeirismos seguen a regra xeral *(palier-palieres),* a non ser as palabras pouco integradas, que poden engadir **-s** *(póster-pósteres/pósters)*</td></tr>
<tr><td rowspan="3">**-l**</td><td>**monosílabas** e **graves:** *mal, túnel*</td><td rowspan="2">-es:</td><td>*males, túneles*</td><td rowspan="3"></td></tr>
<tr><td>**compostas (2º elemento monosílabo)**: *parasol*</td><td>*parasoles*</td></tr>
<tr><td>**agudas:** *caracol*</td><td colspan="2">**-is**: *caracois*</td></tr>
<tr><td rowspan="2">-s</td><td>**agudas**: *compás*</td><td colspan="2">**-es**:*compases*</td><td rowspan="2"></td></tr>
<tr><td>**graves** e **esdrúxulas**: *lapis, mércores*</td><td rowspan="2">**invariables**:</td><td>*lapis, mércores*</td></tr>
<tr><td colspan="2">**-x:** *fax*</td><td>*fax*</td><td></td></tr>
<tr><td colspan="2">**outras consoantes**: *club, lord, ring*</td><td colspan="2">**-s:** *clubs, lords, rings*</td><td></td></tr>
</table>

## FORMACIÓN DO COMPARATIVO

<table>
<tr><td>**Sintéticos**</td><td colspan="3">bo → mellor<br>malo → peor<br>grande → maior<br>pequeno → menor<br>alto → superior<br>baixo → inferior</td></tr>
<tr><td rowspan="3">**Analíticos**</td><td>**Igualdade**</td><td>tan + adx. + **coma/como** + 2º termo: *Estou tan cansa **coma/como** o meu xefe.*</td><td>**coma + pron. pers. tón.**: *Estou tan cansa **coma** ti.*<br>**como + verbo***: Estou tan cansa **como** parece.*</td></tr>
<tr><td>**Superioridade**</td><td>máis + adx.+ **que/ca/do que** + 2º termo: *Estou máis cansa **que/ca** o meu xefe.*</td><td rowspan="2">**ca + pron. pers. tón.:** *Estou máis/menos cansa **ca** ti.*<br>**do que + verbo:** *Estou máis/menos cansa **do que** parece.*</td></tr>
<tr><td>**Inferioridade**</td><td>menos + adx.+ **que/ca/do que** + 2º termo: *Estou menos cansa **que/ca** o meu xefe.*</td></tr>
</table>

## O ARTIGO

| | determinado | | indeterminado | |
|---|---|---|---|---|
| | **masculino** | **feminino** | **masculino** | **feminino** |
| **singular** | o/lo | a/la | un | unha |
| **plural** | os/los | as/las | uns | unhas |

| Segunda forma do artigo | | | |
|---|---|---|---|
| **Formas** | *lo, la, los, las* | | |
| **Uso** | **obrigatorio** | Con guión | - Tras o adverbio interrogativo ***u***: *U-los nenos?* |
| | | Sen guión | - Na contracción coa preposición ***por***: *Irei pola autoestrada* |
| | **opcional** | Con guión | - Tras forma verbal rematada en **-*r*** ou **-*s***: *Ves o mar?/Ve-lo mar?*<br>- Tras os pronomes tónicos ***nós*** e ***vós*** cando van seguidos dunha precisión numérica: *Imos nós os dous/Imos nó-los dous.*<br>- Tras os pronomes átonos ***nos, vos*** e ***lles***: *Deulles as grazas/Déulle-las grazas.* |
| | | Sen guión | - Tras ***todos/-as, ambos/-as, entrambos/-as***, a preposición ***tras*** e a conxunción copulativa ***(e) mais***: *Teño clase todos os días/Teño clase tódolos días; Fomos eu e mais o neno/Fomos eu e mailo neno.* |

Aínda que o seu uso non é obrigatorio na escrita, é recomendable empregala sempre na fala.

| Contraccións | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | determinado | | | | indeterminado | | | |
| | | **o** | **a** | **os** | **as** | **un** | **unha** | **uns** | **unhas** |
| **Preposicións** | **a** | ao/ó | á | aos/ós | ás | | | | |
| | **con** | co | coa | cos | coas | cun | cunha | cuns | cunhas |
| | **de** | do | da | dos | das | dun | dunha | duns | dunhas |
| | **en** | no | na | nos | nas | nun | nunha | nuns | nunhas |
| | **por** | polo | pola | polos | polas | | | | |
| **Conxunción** | **ca** | có | cá | cós | cás | | | | |

Na escrita podemos plasmar a contracción de *a+o*, *a+os* en *ao*, ou *ó* pero na fala nunca se debe pronunciar [ao], senón [Ɔ].

Coa conxunción *ca* podemos optar por representar a contracción ou non: *có/ca o; cá/ca a; cós/ca os; cás ca as.*

**O DEMOSTRATIVO**

| Masculino | | Feminino | | Neutro |
|---|---|---|---|---|
| **Singular** | **Plural** | **Singular** | **Plural** | |
| este | estes | esta | estas | isto |
| ese | eses | esa | esas | iso |
| aquel | aqueles | aquela | aquelas | aquilo |

| Contraccións | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | **este(s)<br>esta(s)** | **ese(s)<br>esa(s)** | **aquel(es)<br>aquela(s)** | **isto** | **iso** | **aquilo** |
| **Preposicións** | **de** | deste(s)<br>desta(s) | dese(s)<br>desa(s) | daquel(es)<br>daquela(s) | disto | diso | daquilo |
| | **en** | neste(s)<br>nesta(s) | nese(s)<br>nesa(s) | naquel(es)<br>naquela(s) | nisto | niso | naquilo |
| **Indefinido** | **outro** | estoutro(s)<br>estoutra(s) | esoutro(s)<br>esoutra(s) | aqueloutro(s)<br>aqueloutra(s) | | | |

**O POSESIVO**

| Persoa | | Singular | | Plural | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **Masculino** | **Feminino** | **Masculino** | **Feminino** |
| **Sing.** | **1ª** | meu | miña | meus | miñas |
| | **2ª** | teu | túa | teus | túas |
| | **3ª** | seu | súa | seus | súas |
| **Pl.** | **1ª** | noso | nosa | nosos | nosas |
| | **2ª** | voso | vosa | vosos | vosas |
| | **3ª** | seu | súa | seus | súas |

– Xeralmente vai **precedido de artigo**: *as nosas cousas*. É **opcional** con nomes de **parentesco** : *(o) meu tío.*

– As formas **de meu, de teu, de seu, de noso, de voso, de seu**, sen variación de xénero e número poden usarse co significado de *"propio" (temos piso de noso)* ou *"por natureza" (é boa de seu).*

– As formas **cadanseu, cadansúa, cadanseus, cadansúas** indican posesión e distribución á vez, adxudicándolle un número igual de obxectos a varias persoas: *os alumnos teñen cadanseu ordenador (~ cada alumno ten un ordenador)*

## O PRONOME PERSOAL

**Serie Tónica**

| NÚMERO | PERSOA | SUXEITO | FORMAS OBLICUAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | LIBRES | | LIGADAS | |
| | | | NON REFEX | REFLEX | NON REFLEX | REFLEX |
| SING. | 1ª | **eu** | **min** | | **comigo** | |
| | 2ª | **ti** | | | **contigo** | |
| | 3ª | **el,ela** | | **si** | **---** | **consigo** |
| PLURAL | 1ª | **nós /nosoutros, -as** | | | **connosco** | |
| | 2ª | **vós / vosoutros,-as** | | | **convosco** | |
| | 3ª | **eles, elas** | | **si** | **---** | **consigo** |

– Cando concorren as formas de 3ª persoa coas preposicións **de** e **en** prodúcense as seguintes contraccións:

| | **el** | **ela** | **eles** | **elas** |
|---|---|---|---|---|
| **de** | del | dela | deles | delas |
| **en** | nel | nela | neles | nelas |

**Serie Átona**

| NÚMERO | PERSOA E XÉNERO | | NON REFLEXIVO | | REFLEXIVO |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | DAT. (C.I) | ACUS. (C.D.) | |
| SING. | 1ª | | **me** | | |
| | 2ª | | **che** | **te** | |
| | 3ª | MASC. | **lle** | **o, lo, no** | **se** |
| | | FEM. | | **a, la, na** | |
| PL. | 1ª | | **nos** | | |
| | 2ª | | **vos** | | |
| | 3ª | MASC. | **lles** | **os, los, nos** | **se** |
| | | FEM. | | **as, las, nas** | |

– Para o C.D de 3ª persoa hai tres alomorfos distintos:

- **lo, la, los, las**: úsase
  - tras verbo rematado en **-r** ou **-s:** *Dalo feito ti só?*
  - tras os pronomes átonos **nos, vos** e **lles**: *Dixéronnolo eles*
  - tras o adverbio interrogativo **u**: *O anel que acabo de mercar, ulo?*
- **no, na, nos, nas**: tras verbo rematado en **ditongo**: *Faino como ti vexas*
- **o, a, os, as:** nos demais contextos: *Non o vexo claro; véxoo claro*

- Cando concorren as formas de C.D e C.I prodúcense as seguintes contraccións:

| | **o/lo** | **a/la** | **os/los** | **as/las** |
|---|---|---|---|---|
| **me** | mo | ma | mos | mas |
| **che** | cho | cha | chos | chas |
| **lle** | llo | lla | llos | llas |
| **nos** | nolo | nola | nolos | nolas |
| **vos** | volo | vola | volos | volas |
| **lles** | llelo | llela | llelos | llelas |

**Colocación do pronome átono**
**Posposto:**
- É a posición máis xeral. Un pronome átono nunca pode encabezar unha frase: *Mercou**me** un quilo de cereixas.*

**Anteposto:**
- Oracións subordinadas: *Dille que **me** chame*
- Oracións introducidas por un interrogativo ou exclamativo: *Cando **me** vas chamar?*
- Oracións desiderativas: *Oxalá **me** chame pronto*
- Oracións negativas: *Non **me** chamou*
- Cando o verbo vai precedido de certos adverbios: *aínda, xa, axiña, nunca, tamén,...: Xa **te** chamará; nunca **me** vai chamar*
- Cando o verbo vai precedido por algúns indefinidos: *algo, alguén, ninguén, ningún, bastante, todo, nada: Algo **lle** farías; ninguén **lle** dixo nada.*

**Perífrases verbais:**
- Verbo en forma persoal + infinitivo ou xerundio:
    - despois do verbo auxiliar: *Vou**che** dicir unha cousa*
    - despois do infinitivo ou xerundio: *Vou dicir**che** unha cousa*
- Verbo en forma persoal + preposición ou conxunción + infinitivo:
    - despois do verbo auxiliar: *Teño**che** que dicir unha cousa*
    - despois do infinitivo: *Teño que dicir**che** unha cousa*
    - antes do infinitivo: *Teño que **che** dicir unha cousa*

**OS NUMERAIS**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Cardinais** | 0 | cero | 21 | vinte e un/unha |
| | 1 | un/unha | 22 | vinte e dous/dúas |
| | 2 | dous/dúas | 30 | trinta |
| | 3 | tres | 31 | trinta e un |
| | 4 | catro | 40 | corenta |
| | 5 | cinco | 50 | cincuenta |
| | 6 | seis | 60 | sesenta |
| | 7 | sete | 70 | setenta |
| | 8 | oito | 80 | oitenta |
| | 9 | nove | 90 | noventa |
| | 10 | dez | 100 | cen |
| | 11 | once | 101 | cento un/unha |
| | 12 | doce | 200 | douscentos/-as |
| | 13 | trece | 300 | trescentos/-as |
| | 14 | catorce | 400 | catrocentos/-as |
| | 15 | quince | 500 | cincocentos/-as, quiñentos/-as |
| | 16 | dezaseis | 600 | seiscentos/-as |
| | 17 | dezasete | 700 | setecentos/-as |
| | 18 | dezaoito | 800 | oitocentos/-as |
| | 19 | dezanove | 900 | novecentos/-as |
| | 20 | vinte | 1000 | mil |
| **Ordinais** | 1º | primeiro/-a | 17º | décimo sétimo/-a |
| | 2º | segundo/-a | 18º | décimo oitavo/-a |
| | 3º | terceiro/-a | 19º | décimo noveno/-a |
| | 4º | cuarto/-a | 20º | vixésimo/-a |
| | 5º | quinto/-a | 21º | vixésimo primeiro/-a |
| | 6º | sexto/-a | 22º | vixésimo segundo/-a |
| | 7º | sétimo/-a | 30º | trixésimo/-a |
| | 8º | oitavo/-a | 40º | cuadraxésimo/-a |
| | 9º | noveno/-a | 50º | quincuaxésimo/-a |
| | 10º | décimo/-a | 60º | sesaxésimo/-a |
| | 11º | décimo primeiro/-a, undécimo/-a | 70º | septuaxésimo/-a |
| | 12º | décimo segundo/-a, duodécimo/-a | 80º | octoxésimo/-a |
| | 13º | décimo terceiro/-a | 90º | nonaxésimo/-a |
| | 14º | décimo cuarto/-a | 100º | centésimo/-a |
| | 15º | décimo quinto/-a | 1000º | milésimo/-a |
| | 16º | décimo sexto/-a | 1000000º | millonésimo/-a |
| **Multiplicativos** | dobre; duplo/-a | | séptuplo/-a | |
| | triplo/-a | | óctuplo/-a | |
| | cuádruplo/-a | | nónuplo/-a | |
| | quíntuplo/-a | | décuplo/-a | |
| | séxtuplo/-a | | céntuplo/-a | |
| **Partitivos** | medio/-a | | noveno/-a | |
| | terzo/-a | | décimo/-a | |
| | cuarto/-a | | onceavo/-a | |
| | quinto/-a | | doceavo/-a | |
| | sexto/-a | | centésimo/-a | |
| | sétimo/-a | | milésimo/-a | |
| | oitavo/-a | | millonésimo/-a | |

# O VERBO

## Verbos regulares

| | | ANDAR (1ª conx.) | VARRER (2ª conx.) | PARTIR (3ª conx.) |
|---|---|---|---|---|
| **Indicativo** | **Presente** | ando<br>andas<br>anda<br>andamos<br>andades<br>andan | varro<br>varres<br>varre<br>varremos<br>varredes<br>varren | parto<br>partes<br>parte<br>partimos<br>partides<br>parten |
| | **Pretérito** | andei<br>andaches<br>andou<br>andamos<br>andastes<br>andaron | varrín<br>varriches<br>varreu<br>varremos<br>varrestes<br>varreron | partín<br>partiches<br>partiu<br>partimos<br>partistes<br>partiron |
| | **Futuro** | andarei<br>andarás<br>andará<br>andaremos<br>andaredes<br>andarán | varrerei<br>varrerás<br>varrerá<br>varreremos<br>varreredes<br>varrerán | partirei<br>partirás<br>partirá<br>partiremos<br>partiredes<br>partirán |
| | **Cpto.** | andaba<br>andabas<br>andaba<br>andabamos<br>andabades<br>andaban | varría<br>varrías<br>varría<br>varriamos<br>varriades<br>varrían | partía<br>partías<br>partía<br>partiamos<br>partiades<br>partían |
| | **Apto.** | andara<br>andaras<br>andara<br>andaramos<br>andarades<br>andaran | varrera<br>varreras<br>varrera<br>varreramos<br>varrerades<br>varreran | partira<br>partiras<br>partira<br>partiramos<br>partirades<br>partiran |
| | **Ppto.** | andaría<br>andarías<br>andaría<br>andariamos<br>andariades<br>andarían | varrería<br>varrerías<br>varrería<br>varreriamos<br>varreriades<br>varrerían | partiría<br>partirías<br>partiría<br>partiriamos<br>partiriades<br>partirían |
| **Subxuntivo** | **Presente** | ande<br>andes<br>ande<br>andemos<br>andedes<br>anden | varra<br>varras<br>varra<br>varramos<br>varrades<br>varran | parta<br>partas<br>parta<br>partamos<br>partades<br>partan |
| | **Pretérito** | andase<br>andases<br>andase<br>andásemos<br>andásedes<br>andasen | varrese<br>varreses<br>varrese<br>varrésemos<br>varrésedes<br>varresen | partise<br>partises<br>partise<br>partísemos<br>partísedes<br>partisen |
| | **Futuro** | andar<br>andares<br>andar<br>andarmos<br>andardes<br>andaren | varrer<br>varreres<br>varrer<br>varrermos<br>varrerdes<br>varreren | partir<br>partires<br>partir<br>partirmos<br>partides<br>partiren |
| **Infinitivo conxugado** | | andar<br>andares<br>andar<br>andarmos<br>andardes<br>andaren | varrer<br>varreres<br>varrer<br>varrermos<br>varrerdes<br>varreren | partir<br>partires<br>partir<br>partirmos<br>partides<br>partiren |
| **Imperativo** | | anda<br>andade | varre<br>varrede | parte<br>partide |
| **Formas nominais** | **Infinitivo** | andar | varrer | partir |
| | **Xerundio** | andando | varrendo | partindo |
| | **Participio** | andado | varrido | partido |

## Verbos irregulares

| | | CABER | CAER | DAR | DICIR | ESTAR | FACER | HABER | IR | OÍR | PODER |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Indicativo** | **Presente** | caibo<br>cabes<br>cabe<br>cabemos<br>cabedes<br>caben | caio<br>caes<br>cae<br>caemos<br>caedes<br>caen | dou<br>dás<br>dá<br>damos<br>dades<br>dan | digo<br>dis<br>di<br>dicimos<br>dicides<br>din | estou<br>estás<br>está<br>estamos<br>estades<br>están | fago<br>fas<br>fai<br>facemos<br>facedes<br>fan | hei<br>has<br>ha/hai<br>habemos<br>habedes<br>han | vou<br>vas<br>vai<br>imos<br>ides<br>van | oio<br>oes<br>oe<br>oímos<br>oídes<br>oen | podo<br>podes<br>pode<br>podemos<br>podedes<br>poden |
| | **Pretérito** | couben<br>coubeches<br>coubo<br>coubemos<br>coubestes<br>couberon | caín<br>caíches<br>caeu<br>caemos<br>caestes<br>caeron | dei<br>deches<br>deu<br>demos<br>destes<br>deron | dixen<br>dixeches<br>dixo<br>dixemos<br>dixestes<br>dixeron | estiven<br>estiveches<br>estivo<br>estivemos<br>estivestes<br>estiveron | fixen<br>fixeches<br>fixo<br>fixemos<br>fixestes<br>fixeron | houben<br>houbeches<br>houbo<br>houbemos<br>houbestes<br>houberon | fun<br>fuches<br>foi<br>fomos<br>fostes<br>foron | oín<br>oíches<br>oíu<br>oímos<br>oístes<br>oíron | puiden<br>puideches<br>puido<br>puidemos<br>puidestes<br>puideron |
| | **Futuro** | caberei<br>caberás<br>caberá<br>caberemos<br>caberedes<br>caberán | caerei<br>caerás<br>caerá<br>caeremos<br>caeredes<br>caerán | darei<br>darás<br>dará<br>daremos<br>daredes<br>darán | direi<br>dirás<br>dirá<br>diremos<br>diredes<br>dirán | estarei<br>estarás<br>estará<br>estaremos<br>estaredes<br>estarán | farei<br>farás<br>fará<br>faremos<br>faredes<br>farán | haberei<br>haberás<br>haberá<br>haberemos<br>haberedes<br>haberán | irei<br>irás<br>irá<br>iremos<br>iredes<br>irán | oirei<br>oirás<br>oirá<br>oiremos<br>oiredes<br>oirán | poderei<br>poderás<br>poderá<br>poderemos<br>poderedes<br>poderán |
| | **Cpto.** | cabía<br>cabías<br>cabía<br>cabiamos<br>cabiades<br>cabían | caía<br>caías<br>caía<br>caïamos<br>caïades<br>caían | daba<br>dabas<br>daba<br>dabamos<br>dabades<br>daban | dicía<br>dicías<br>dicía<br>diciamos<br>diciades<br>dicían | estaba<br>estabas<br>estaba<br>estabamos<br>estabades<br>estaban | facía<br>facías<br>facía<br>faciamos<br>faciades<br>facían | había<br>habías<br>había<br>habiamos<br>habiades<br>habían | ía<br>ías<br>ía<br>iamos<br>iades<br>ían | oía<br>oías<br>oía<br>oïamos<br>oïades<br>ían | podía<br>podías<br>podía<br>podiamos<br>podiades<br>podían |
| | **Apto.** | coubera<br>couberas<br>coubera<br>couberamos<br>couberades<br>couberan | caera<br>caeras<br>caera<br>caeramos<br>caerades<br>caeran | dera<br>deras<br>dera<br>deramos<br>derades<br>deran | dixera<br>dixeras<br>dixera<br>dixeramos<br>dixerades<br>dixeran | estivera<br>estiveras<br>estivera<br>estiveramos<br>estiverades<br>estiveran | fixera<br>fixeras<br>fixera<br>fixeramos<br>fixerades<br>fixeran | houbera<br>houberas<br>houbera<br>houberamos<br>houberades<br>houberan | fora<br>foras<br>fora<br>foramos<br>forades<br>foran | oíra<br>oíras<br>oíra<br>oiramos<br>oirades<br>oíran | puidera<br>puideras<br>puidera<br>puideramos<br>puiderades<br>puideran |
| | **Ppto.** | cabería<br>caberías<br>cabería<br>caberiamos<br>caberiades<br>caberían | caería<br>caerías<br>caería<br>caeriamos<br>caeriades<br>caerían | daría<br>darías<br>daría<br>dariamos<br>dariades<br>darían | diría<br>dirías<br>diría<br>diriamos<br>diriades<br>dirían | estaría<br>estarías<br>estaría<br>estariamos<br>estariades<br>estarían | faría<br>farías<br>faría<br>fariamos<br>fariades<br>farían | habería<br>haberías<br>habería<br>haberiamos<br>haberiades<br>haberían | iría<br>irías<br>iría<br>iriamos<br>iriades<br>irían | oiría<br>oirías<br>oiría<br>oiriamos<br>oiriades<br>oirían | podería<br>poderías<br>podería<br>poderiamos<br>poderiades<br>poderían |
| **Subxuntivo** | **Presente** | caiba<br>caibas<br>caiba<br>caibamos<br>caibades<br>caiban | caia<br>caias<br>caia<br>caiamos<br>caiades<br>caian | dea<br>deas<br>dea<br>deamos<br>deades<br>dean | diga<br>digas<br>diga<br>digamos<br>digades<br>digan | estea<br>esteas<br>estea<br>esteamos<br>esteades<br>estean | faga<br>fagas<br>faga<br>fagamos<br>fagades<br>fagan | haxa | vaia<br>vaias<br>vaia<br>vaiamos<br>vaiades<br>vaian | oia<br>oias<br>oia<br>oiamos<br>oiades<br>oian | poida<br>poidas<br>poida<br>poidamos<br>poidades<br>poidan |
| | **Pretérito** | coubese<br>coubeses<br>coubese<br>coubésemos<br>coubésedes<br>coubesen | caese<br>caeses<br>caese<br>caésemos<br>caésedes<br>caesen | dese<br>deses<br>dese<br>désemos<br>désedes<br>desen | dixese<br>dixeses<br>dixese<br>dixésemos<br>dixésedes<br>dixesen | estivese<br>estiveses<br>estivese<br>estivésemos<br>estivésedes<br>estivesen | fixese<br>fixeses<br>fixese<br>fixésemos<br>fixésedes<br>fixesen | houbese<br>houbeses<br>houbese<br>houbésemos<br>houbésedes<br>houbesen | fose<br>foses<br>fose<br>fósemos<br>fósedes<br>fosen | oíse<br>oíses<br>oíse<br>oísemos<br>oísedes<br>oísen | puidese<br>puideses<br>puidese<br>puidésemos<br>puidésedes<br>puidesen |
| | **Futuro** | couber<br>couberes<br>couber<br>coubermos<br>couberdes<br>couberen | caer<br>caeres<br>caer<br>caermos<br>caerdes<br>caeren | der<br>deres<br>der<br>dermos<br>derdes<br>deren | dixer<br>dixeres<br>dixer<br>dixermos<br>dixerdes<br>dixeren | estiver<br>estiveres<br>estiver<br>estivermos<br>estiverdes<br>estiveren | fixer<br>fixeres<br>fixer<br>fixermos<br>fixerdes<br>fixeren | houber<br>houberes<br>houber<br>houbermos<br>houberdes<br>houberen | for<br>fores<br>for<br>formos<br>fordes<br>foren | oír<br>oíres<br>oír<br>oírmos<br>oírdes<br>oíren | puider<br>puideres<br>puider<br>puidermos<br>puiderdes<br>puideren |
| **Infinitivo conxugado** | | caber<br>caberes<br>caber<br>cabermos<br>caberdes<br>caberen | caer<br>caeres<br>caer<br>caermos<br>caerdes<br>caeren | dar<br>dares<br>dar<br>darmos<br>dardes<br>daren | dicir<br>dicires<br>dicir<br>dicirmos<br>dicirdes<br>diciren | estar<br>estares<br>estar<br>estarmos<br>estardes<br>estaren | facer<br>faceres<br>facer<br>facermos<br>facerdes<br>faceren | haber<br>haberes<br>haber<br>habermos<br>haberdes<br>haberen | ir<br>ires<br>ir<br>irmos<br>irdes<br>iren | oír<br>oíres<br>oír<br>oírmos<br>oírdes<br>oíren | poder<br>poderes<br>poder<br>podermos<br>poderdes<br>poderen |
| **Imperativo** | | cabe<br>cabede | cae<br>caede | dá<br>dade | di<br>dicide | está<br>estade | fai<br>facede | | vai<br>vamos<br>ide | oe<br>oíde | pode<br>podede |
| **Formas nominais** | **Infinitivo** | caber | caer | dar | dicir | estar | facer | haber | ir | oír | poder |
| | **Xerundio** | cabendo | caendo | dando | dicindo | estando | facendo | habendo | indo | oíndo | podendo |
| | **Participio** | cabido | caído | dado | dito | estado | feito | habido | ido | oído | podido |

| | | QUERER | SABER | SER | TER | TRAER | VALER | POÑER/ PÓR | VER | VIR |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Indicativo** | **Presente** | quero<br>queres<br>quere<br>queremos<br>queredes<br>queren | sei<br>sabes<br>sabe<br>sabemos<br>sabedes<br>saben | son<br>es<br>é<br>somos<br>sodes<br>son | teño<br>tes<br>ten<br>temos<br>tedes/<br>teñen | traio<br>traes<br>trae<br>traemos<br>traedes<br>traen | vallo<br>vales<br>vale<br>valemos<br>valedes<br>valen | poño<br>pos<br>pon<br>poñemos/pomos<br>poñedes/pondes<br>poñen/pon | vexo<br>ves<br>ve<br>vemos<br>vedes<br>ven | veño<br>vés<br>vén<br>vimos<br>vides/vindes<br>veñen |
| | **Pretérito** | quixen<br>quixeches<br>quixo<br>quixemos<br>quixestes<br>quixeron | souben<br>soubeches<br>soubo<br>soubemos<br>soubestes<br>souberon | fun<br>fuches<br>foi<br>fomos<br>fostes<br>foron | tiven<br>tiveches<br>tivo<br>tivemos<br>tivestes<br>tiveron | trouxen<br>trouxeches<br>trouxo<br>trouxemos<br>trouxestes<br>trouxeron | valín<br>valiches<br>valeu<br>valemos<br>valestes<br>valeron | puxen<br>puxeches<br>puxo<br>puxemos<br>puxestes<br>puxeron | vin<br>viches<br>viu<br>vimos<br>vistes<br>viron | vin<br>viñeches<br>veu<br>viñemos<br>viñestes<br>viñeron |
| | **Futuro** | quererei<br>quererás<br>quererá<br>quereremos<br>querereddes<br>quererán | saberei<br>saberás<br>saberá<br>saberemos<br>saberedes<br>saberán | serei<br>serás<br>será<br>seremos<br>seredes<br>serán | terei<br>terás<br>terá<br>teremos<br>teredes<br>terán | traerei<br>traerás<br>traerá<br>traeremos<br>traeredes<br>traerán | valerei<br>valerás<br>valerá<br>valeremos<br>valeredes<br>valerán | poñerei/ porei<br>poñerás/ porás<br>poñerá/ porá<br>poñeremos/ poremos<br>poñeredes/ poredes<br>poñerán/ porán | verei<br>verás<br>verá<br>veremos<br>veredes<br>verán | virei<br>virás<br>virá<br>viremos<br>viredes<br>virán |
| | **Cpto.** | quería<br>querías<br>quería<br>queriamos<br>queriades<br>querían | sabía<br>sabías<br>sabía<br>sabiamos<br>sabiades<br>sabían | era<br>eras<br>era<br>eramos<br>erades<br>eran | tiña<br>tiñas<br>tiña<br>tiñamos<br>tiñades<br>tiñan | traía<br>traías<br>traía<br>traïamos<br>traïades<br>traían | valía<br>valías<br>valía<br>valiamos<br>valiades<br>valían | poñía/ puña<br>poñías/ puñas<br>poñía/ puña<br>poñiamos/ puñamos<br>poñiades/ puñades<br>poñían/ puñan | vía<br>vías<br>vía<br>viamos<br>viades<br>vían | viña<br>viñas<br>viña<br>viñamos<br>viñades<br>viñan |
| | **Apto.** | quixera<br>quixeras<br>quixera<br>quixeramos<br>quixerades<br>quixeran | soubera<br>souberas<br>soubera<br>souberamos<br>souberades<br>souberan | fora<br>foras<br>fora<br>foramos<br>forades<br>foran | tivera<br>tiveras<br>tivera<br>tiveramos<br>tiverades<br>tiveran | trouxera<br>trouxeras<br>trouxera<br>trouxeramos<br>trouxerades<br>trouxeran | valera<br>valeras<br>valera<br>valeramos<br>valerades<br>valeran | puxera<br>puxeras<br>puxera<br>puxeramos<br>puxerades<br>puxeran | vira<br>viras<br>vira<br>viramos<br>virades<br>viran | viñera<br>viñeras<br>viñera<br>viñeramos<br>viñerades<br>viñeran |
| | **Ppto.** | querería<br>quererías<br>querería<br>quereriamos<br>quereriades<br>quererían | sabería<br>saberías<br>sabería<br>saberiamos<br>saberiades<br>saberían | sería<br>serías<br>sería<br>seriamos<br>seriades<br>serían | tería<br>terías<br>tería<br>teriamos<br>teriades<br>terían | traería<br>traerías<br>traería<br>traeriamos<br>traeriades<br>traerían | valería<br>valerías<br>valería<br>valeriamos<br>valeriades<br>valerían | poñería/ poría<br>poñerías/ porías<br>poñería/ poría<br>poñeriamos/ poriamos<br>poñeriades/ poriades<br>poñerían/ porían | vería<br>verías<br>vería<br>veriamos<br>veriades<br>verían | viría<br>virías<br>viría<br>viriamos<br>viriades<br>virían |
| **Subxuntivo** | **Presente** | queira<br>queiras<br>queira<br>queiramos<br>queirades<br>queiran | saiba<br>saibas<br>saiba<br>saibamos<br>saibades<br>saiban | sexa<br>sexas<br>sexa<br>sexamos<br>sexades<br>sexan | teña<br>teñas<br>teña<br>teñamos<br>teñades<br>teñan | traia<br>traias<br>traia<br>traiamos<br>traiades<br>traian | valla<br>vallas<br>valla<br>vallamos<br>vallades<br>vallan | poña<br>poñas<br>poña<br>poñamos<br>poñades<br>poñan | vexa<br>vexas<br>vexa<br>vexamos<br>vexades<br>vexan | veña<br>veñas<br>veña<br>veñamos<br>veñades<br>veñan |
| | **Pretérito** | quixese<br>quixeses<br>quixese<br>quixésemos<br>quixésedes<br>quixesen | soubese<br>soubeses<br>soubese<br>soubésemos<br>soubésedes<br>soubesen | fose<br>foses<br>fose<br>fósemos<br>fósedes<br>fosen | tivese<br>tiveses<br>tivese<br>tivésemos<br>tivésedes<br>tivesen | trouxese<br>trouxeses<br>trouxese<br>trouxésemos<br>trouxésedes<br>trouxesen | valese<br>valeses<br>valese<br>valésemos<br>valésedes<br>valesen | puxese<br>puxeses<br>puxese<br>puxésemos<br>puxésedes<br>puxesen | vise<br>vises<br>vise<br>vísemos<br>vísedes<br>visen | viñese<br>viñeses<br>viñese<br>viñésemos<br>viñésedes<br>viñesen |
| | **Futuro** | quixer<br>quixeres<br>quixer<br>quixermos<br>quixerdes<br>quixeren | souber<br>souberes<br>souber<br>soubermos<br>souberdes<br>souberen | for<br>fores<br>for<br>formos<br>fordes<br>foren | tiver<br>tiveres<br>tiver<br>tivermos<br>tiverdes<br>tiveren | trouxer<br>trouxeres<br>trouxer<br>trouxermos<br>trouxerdes<br>trouxeren | valer<br>valeres<br>valer<br>valermos<br>valerdes<br>valeren | puxer<br>puxeres<br>puxer<br>puxermos<br>puxerdes<br>puxeren | verei<br>verás<br>verá<br>veremos<br>veredes<br>verán | virei<br>virás<br>virá<br>viremos<br>viredes<br>virán |
| **Infinitivo conxugado** | | querer<br>quereres<br>querer<br>querermos<br>quererdes<br>quereren | saber<br>saberes<br>saber<br>sabermos<br>saberdes<br>saberen | ser<br>seres<br>ser<br>sermos<br>serdes<br>seren | ter<br>teres<br>ter<br>termos<br>terdes<br>teren | traer<br>traeres<br>traer<br>traermos<br>traerdes<br>traeren | valer<br>valeres<br>valer<br>valermos<br>valerdes<br>valeren | poder<br>poderes<br>poder<br>podermos<br>poderdes<br>poderen | ver<br>veres<br>ver<br>vermos<br>verdes<br>veren | vir<br>vires<br>vir<br>virmos<br>virdes<br>viren |
| **Imperativo** | | quere<br>querede | sabe<br>sabede | sé<br>sede | ten<br>tende/tede | trae<br>traede | vale<br>valede | pon<br>poñede/ponde | ve<br>vede | ven<br>vide/vinde |
| **Formas nominais** | **Infinitivo** | querer | saber | ser | ter | traer | valer | poder | ver | vir |
| | **Xerundio** | querendo | sabendo | sendo | tendo | traendo | valendo | poñendo/pondo | vendo | vindo |
| | **Participio** | querido | sabido | sido | tido | traído | valido | posto | visto | vido |